



María Eloy-García (Málaga, 1972). Unha posible auto-poética:

termomix *



tomado del libro *THERMOMIX: un nuevo amanecer*

vacilando al miedo-medio

*tengo zapatos de cerca
para la hipermetropía del pie
tengo para los dedos con resaca
un tacto doble
toda la nube lloviendo
en el lago de calcio de las uñas
tengo un fusilamiento de gotas
en el paredón de la cara
y pequeñas láminas de frío
entre los dos omóplatos
tengo las rodillas dobladas
en al menos cinco idiomas
tengo al pavor en decúbito
y un morse en cada poro
toda la mente puesta en el abismo
porque sé que el miedo
ese que me mira desde lo domesticado
será quien tome el orfidal hoy
cuando me vea aparecer
toda pensada y llorada
supervercial
superlimpia*



(MARÍA ELOY-GARCÍA)

Luns **14** de abril
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975) naceu propulsada pola forza centrífuga do *baby boom* dos setenta. É filla da reconversión industrial, da heroína de importación, de “Madrid se escribe con V de Vigo”. O ano no que a *blond ambition* Madonna actuou no Estadio de Balaídos decidiu o seu futuro: sería estrela do *pop*. Só acadou diplomarse en Educación Musical. Ao non saciar as expectativas alleas, que lle demandaban un par de licenciaturas, a familia desherdouna. Co fin de pagar facturas e encher o frigorífico desenvolveu media ducia de oficios, todos máis achegados a un andamio obreiro que a unha poltrona burguesa. Foi retribuída como dependenta, fotógrafa, música, actriz, camareira... Finxiu en todas as ocupacións. Padece onicofaxia. Ten unha scooter, dúas endodoncias, tres cans e varios traumas. Sedúcena a velocidade, o óxido, o cine X. Odia cocinar. Se tivese que alimentar a ese fillo que non pensa ter mercaría, a prazos, unha Thermomix. Ultimamente serve mesas nun restaurante vexetariano (malia que, ás veces, sucumbe diante dun churrasco de porco) e atópase en proceso de involución (recicla menos, engole graxas trans, só le manuais de instrucións). É atea, adicta e vividora; por economía só pode permitirse practicar o primeiro dos asuntos.

Define a literatura como “alternativa desesperada última cando esgoto os métodos tranquilizantes prescritos polo médico: diazepam, onanismo, kick boxing e baños de inmersión enriquecidos con aceites esenciais”. A súa primeira incursión no minifundio do *star system* literario galego foi con *Vidas post-it* (2007), redactado na cociña dun *fast-food* e traducido ao castelán e ao catalán polo selo Pulp Books. No proceso de desobsesión dun tipo descortés publicou o poemario *Amor amén* (2008). Mais a súa única amante foi *Periferia*, con ela obtivo o Premio Xerais de Novela 2010.

*adoutrínome
coas pelis porno de oferta
do quiosco do barrio
que traspasan esta semana
mentres boto ao clareo as prendas sepia
que non quedaron brancas*

*cincoventaecinco
é o prezo do pracer puntual
sen ti sen ti sen ti
sen min incluso*



(IOLANDA ZÚÑIGA)

Luns **14** de abril
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

